

**CIG****Boletín
Sindical**

Nº 79 - 2024

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

O 25 de xullo é o Día da Patria Galega

Desde a CIG chamamos a facer deste día unha xornada de reivindicación, participando nas mobilizacións nacionais convocadas polo nacionalismo galego.

A CIG defínese como unha organización nacionalista porque Galiza é unha nación sen soberanía política, sometida e dependente económica, política e culturalmente. A procura da nosa soberanía e o exercicio do dereito de autodeterminación son para nós irrenunciábeis. Desde a nosa independencia e autonomía sindicais, reclamámonos parte do movemento nacionalista galego.

O dereito a decidir, á autodeterminación, é un dereito universal de todas as nacións. Galiza como nación e pobo ten o dereito a exercer a libre determinación e a poderse gobernar por si mesma con total independencia e sen inxerencias externas. Este dereito colectivo e democrático é antidemocraticamente negado polo Estado español.

Ningún dos principais problemas de Galiza se pode resolver favorablemente aos intereses do noso pobo se este non toma consciencia da súa propia identidade e traduce esa consciencia en organizacións propias e soberanas. A CIG é expresión da autoorganización das traballadoras e dos traballadores galegos.

O exercicio da soberanía contribúe á transformación social e económica e a mellorar substancialmente a calidade de vida da clase traballadora. Son, por tanto, o nacionalismo e a autoorganización do pobo e da clase traballadora os que nos fan avanzar cara a soberanía, debilitar o imperialismo e facilitar a democratización e a emancipación social.

Desde a CIG consideramos de vital importancia, para situármonos como clase traballadora nunha posición de fortaleza que nos permita ser máis



eficaces na nosa loita por recuperar e mellorar en dereitos e condicións de vida, a nosa reivindicación estratéxica de facer realidade un Marco Galego de Relacións Laborais e Sociais. Con plenas competencias en materia lexislativa, normativa e de regulación da participación no mundo do traballo en Galiza, como exercicio dun dereito democrático e sobre todo como unha necesidade para poder garantir unhas condicións laborais e salariais dignas para toda a clase traballadora galega.

Conquista de dereitos

Por todo isto, a razón de ser da CIG é desde o convencemento de que as políticas favorábeis para a clase traballadora e para o pobo galego hai que conquistalas, non son concesión bondadosa dos gobernos nin nacen do diálogo social.

Na crítica situación actual, na que a carestía da vida e a guerra teñen lugar ao tempo que o PP fai uso en moitas ocasións das políticas neoliberais que o Goberno español executa de acordo á UE, Galiza e o pobo galego estamos vivindo unha acción de desmantelamento masivo do país ao negarse a

un desenvolvemento galego propio.

Realidade que nos compe confrontar porque fía o futuro a reforzar a dependencia económica, política e cultural de Galiza ao sistema español, intensificando a colonización, espolio e depredación dos nosos recursos, aumentando a emigración e o empobrecemento das clases populares.

Por todo isto, desde a CIG facemos un chamamento ao conflito na rúa e na negociación colectiva, a xerar dinámicas mobilizadoras para garantir o dereito a negociar en Galiza os nosos convenios colectivos, a nosa capacidade de decidir nós de forma democrática as nosas condicións de traballo, os nosos salarios e a facer fronte á precariedade e pobreza laboral.

Son tempos de loita. Na nosa man, na nosa vontade de mobilización está poder confrontar esta situación. Procurando máis esforzos na construción de organización social, de poder popular, para conquistar políticas alternativas coas que avanzar na conquista de dereitos, a poder vivir e traballar dignamente na nosa terra, coas que facer realidade unha Galiza ceibe e sen explotación.

Unha cadea humana rodea San Caetano contra o proxecto de Altri na Ulloa

Milleiros de persoas participaron na cadea humana que o domingo 30 de xuño rodeou o edificio administrativo de San Caetano (Compostela) para reclamarlle ao Goberno galego que non autorice o proxecto de Altri.

O secretario xeral da CIG, Paulo Carril, salientaba ao inicio da mobilización que a resposta dada “é unha nova demostración do clamor popular de toda Galiza con Altri” e denunciou que o Goberno do PP “non pode condenarnos a ter unha industria de enclave, colonial e depredadora” como a que formula a empresa lusa.

Advertiu do impacto social, económico e ambiental que suporía para as comarcas da Ulloa, a Ría de Arousa e



o conxunto de Galiza este proxecto, ao que “agora temos que sumarlle o intento de reabrir a mina de Touro”.

Por iso chamou a manter a mobilización social para parar esta

ofensiva do PP, “porque xa está ben. Estamos fartas e fatos de ser unha colonia. Queremos e temos dereito a vivir e traballar dignamente na nosa terra”.

A CIG-Industria escenifica as graves ameazas que enfrenta o sector galego da automoción

Deslocalización, explotación, precarización, reconversión. Estas son as principais ameazas que enfrenta o sector galego do automóbil e que a CIG escenificou cunha concentración diante do Concello de Vigo na que representantes da central sindical en máis de 20 empresas despregaron faixas e expresaron ás súas problemáticas concretas.

A mobilización fai parte da campaña que a CIG-Industria está a desenvolver en defensa do sector e contou con participación de persoal tanto da empresa principal, Stellantis, como das compañías auxiliares das comarcas de Vigo, Pontevedra e Ourense, nas que se concentran a maioría dos postos de traballo desta industria.

Durante o acto alertouse da situación de crecente precariedade laboral e de falta de carga de traballo e denunciouse a política de ERTE indiscriminados que se instalou dende a pandemia, de xeito que cada ano aumenta o número de días que os cadros de persoal permanecen no desemprego.

O secretario nacional da CIG-Industria, Xoán Xosé Bouzas Aboi, criticou “o modelo que están a validar o Executivo central, a Xunta e o Goberno local co seu apoio explícito aos plans de Stellantis, que supón sufragar con cartos públicos as paradas impostas pola empresa principal, ter empregos cada máis precarios para abaratar custes, desregular a xornada e as quendas, traballar en festivos e quedar na casa os días laborábeis, etc”.

O responsábel sindical advertiu tamén que a “profunda transformación” do sector anunciada polo novo director de Stellantis pasa pola deslocalización da produción a países como Portugal, Marrocos, Turquía, Arxelia ou Polonia e por un proceso de reconversión.

Subvencións millonarias

Todo isto nun contexto en que as empresas, sobre todo a principal, están a recibir inxentes subvencións públicas e teñen pendentes outras como os PERTE, “sen que iso signifi-

que garantías para o mantemento do emprego e das condicións laborais, ou que os proxectos se desenvolvan en territorio galego”.

De feito, Stellantis obtivo 18.600 millóns de euros de beneficios en 2023 e o seu CEO ten un soldo de 36 millóns. “O mesmo que insiste na necesidade de reducir custes de fabricación e que aposta porque os servizos que foron externalizados se asuman agora internamente a través de ETT e de centros especiais de emprego”.

Bouzas Aboi censurou a complicidade da Xunta cunha empresa “que non fai máis que ameazar cun proceso de reconversión se non recibe subvencións” e a inacción da Inspección de Traballo ante as constantes denuncias por incumprimentos e abusos laborais.

“Non nos queda máis que continuar coas mobilizacións, coa confrontación e coa loita na defensa do sector, do emprego e dunhas condicións laborais dignas, porque nós si que cremos na industria galega da automoción, aínda que non a calquera prezo”.



‘Avances’ en conciliación: nin permiso parental retribuído nin lactación acumulada

Delegadas e delegados da CIG mobilizáronse nas sete cidades para denunciar a fraude do Executivo español nos supostos avances nos dereitos de conciliación. Aínda que no preámbulo do RDL 2/2024 (validado no Congreso o pasado 20 de xuño) se afirma que mediante este decreto o Estado incorpora todas as esixencias marcadas pola Directiva Europea 2019/1158 de conciliación da vida familiar e laboral, o certo é que “o permiso parental segue sen estar retribuído”.

A secretaria confederal das Mulleres, Nicolasa Castro, lembrou que a UE esixe que se atenda o custe económico asociado aos permisos de coidado, incluíndo este permiso parental “que ten que ser diferenciado dos vinculados ao nacemento”. Denunciou que con este decreto semella que o Goberno español fai “un intento de lavar a cara”, mais sen asumir a prestación compensatoria vinculada ao goce do permiso parental para “cumprir así realmente cos deberes marcados desde Europa”.



Para Castro esta simulación carece de sentido cando “o que cómpre é abordar a materialización deste dereito e deseñar uns dereitos para a conciliación amplos e suficientes”. Lamentou que, no relativo á lactación, o Goberno español perdera a oportunidade de blindar e estender a protección do permiso de lactación acumulada para cada persoa proxenitora concretando a súa duración nos 28 días.

Unha duración “anunciada pola ministra de Traballo, Yolanda Díaz,

a viva voz pero que nunca apareceu concretada neste RDL”. De feito, o único que muda é a vinculación dos termos e do goce deste dereito ao pactado na negociación colectiva, fortalecendo minimamente o dereito das persoas traballadoras á lactación acumulada, mais sen establecer como nin a súa duración. “É dicir, na práctica unha modificación con impacto case nulo na mellora dos dereitos de conciliación que só resolve unha cuestión discutida xudicialmente”, aseverou.

Propostas para garantir a solvencia do peto das pensións

Na última reunión da Comisión de Seguimento do Fondo de Reserva da Seguridade Social a CIG incidiu na necesidade de que o sistema volva dotarse cos excedentes das entidades xestoras e puxo enriba da mesa as súas propostas para garantir a solvencia do denominado “peto das pensións”.

Dende o ano 2023, o Fondo nútrese dos ingresos do mecanismo de Equidade Interxeracional (MEI) e dos excedentes das mutuas, de maneira que son as propias persoas traballadoras, mediante a redución dos seus salarios coas cotizacións, as que teñen que facer as achegas sen atenderse a outras ineficiencias do sistema.

O secretario confederal de Negociación Colectiva, Francisco González Sío, que participou na reunión en representación da CIG, advertiu que aínda que medra a contratación, os gastos do

sistema seguen a ser maiores que os ingresos “porque a mala calidade do emprego que se está a crear impide trasladar recursos mediante cotizacións. Mellorar os salarios e, polo tanto, as cotizacións, é a única maneira de garantir os ingresos á Seguridade Social”.

Propuxo varias medidas para que o sistema volva ser excedentario “como o era antes da crise”. A primeira, o cumprimento da Carta Social Europea con respecto ao SMI, que ten que ser o 60% do salario medio no Estado español, polo que habería que elevalo até os 1.293€/mes. Xunto a isto, rematar coas horas extras non retribuídas, que na actualidade se cifran en 2,5 millóns á semana, e aumentar as cotizacións do tipo xeral para desincentivar a parcialidade no emprego.

A respecto da aplicación dos plans de pensións de emprego na negocia-

ción colectiva e da privatización do sistema público de pensións, a CIG preguntou se o Ministerio ten cuantificado cal vai ser a perda de ingresos derivada da privatización dunha parte dos ingresos da clase traballadora para investir no capital privado.

“Reclamámoslle tamén accións para paliar a perda de emprego producida pola dixitalización e robotización da economía, e os efectos que poida ter na cotización, no sentido de que ese aumento da produtividade ten que supoñer un cambio nas cotizacións das empresas que destrúan emprego para que o sistema non se veña penalizado”, apuntou González Sío.

Denunciou que as sucesivas reformas laborais debilitaron o sistema público de pensións e dificultaron o acceso a unha xubilación digna, tanto en contía como en idade.

A CIG urxe avances reais fronte ao falso debate sobre a redución da xornada

Negociación escurantista e ilegal no ‘diálogo social’

A CIG considera necesario abandonar o “falso debate” aberto sobre a necesidade de reducir a duración da xornada laboral e urxe a introducir avances reais a través de “verdadeiros e atrevidos” cambios normativos que se poden e deben aprobar porque o conxunto do plural mundo sindical comparte esta reivindicación e porque existe unha maioría parlamentaria que o pode facer posíbel. A central denuncia que se estea a intentar legislar de xeito escurantista a través do ‘diálogo social’ e dun “falso debate” que ademais está deixando fóra a sindicatos que, como a CIG, teñen a condición de máis representativos.

Para o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, o actual debate aberto por iniciativa do Goberno español na súa pretensión de reducir a xornada de traballo das actuais 40 horas semanais a 38,8 para este ano e a 37,5 en 2025 amosa o “ilexítimo e inxusto” que é chamado ‘diálogo social’ con CCOO e UGT e o “fracaso” de quen quere utilizar este mecanismo para intentar legislar de xeito escurantista, “branqueando” unha “insignificante redución” da xornada.

Na central entenden que é necesario e combater a precariedade laboral reducindo a xornada ás 35 horas semanais no camiño de ir aplicando a xornada semanal de catro días, a 32 horas á semana, xa que os avances tecnolóxicos e os cambios na xestión e organización do traballo fan posíbel reducir a xornada laboral, xerar máis riqueza social e avanzar na conciliación.

“A reivindicación de reducir a xornada ás 35 horas semanais levamos anos expresándoa, e dende xaneiro deste ano trasladámola aos centros de



traballo no marco da campaña ‘Stop precariedade, traballo digno’”, lembra Carril. Tamén se aprobaron mocións en distintos Concellos en apoio desta proposta, entre outras reivindicacións.

Desde a CIG denuncian que estamos ante un novo capítulo desta “pantomima” do ‘diálogo social’ na que o Goberno español de PSOE e Sumar –de forma especial os Ministerios de Traballo e Seguridade Social– xunto a CCOO, UGT e a patronal “parecen ter diferenzas e prantexamentos contrarios, cando na realidade comparten modelo e contidos”.

Ao tempo desta negociación estanse a abordar outros importantes asuntos en materia de pensións sobre xubilación parcial e coeficientes redutores para anticipar a idade de xubilación, que a CIG ten denunciando en varias mobilizacións os pasados meses de abril e maio porque van no camiño de novos recortes. “Están negociando

na dirección de seguir na inxustiza de prolongar a vida laboral, impedindo chegar á xubilación en condicións de poder gozala, imposibilitando con isto a entrada da xente nova ao mundo do traballo e cronificando a emigración e o paro xuvenil entre as persoas menores de 25 anos”.

O máximo responsable da central nacionalista censura que todas estas negociacións se están a dar de forma “escurantista e ilegal” no chamado ‘diálogo social’, fóra dos organismos oficiais de representación institucional tripartita, “sen respectar os dereitos de representación que temos sindicatos máis representativos e maioritarios, como a CIG”.

Por iso dende a central nacionalista esixen “luz e taquígrafos” e demandan “transparencia e respecto” nestas negociacións. “Non podemos permitir que, unha vez máis, aproben pola porta de atrás novas medidas e reformas que, cheas de propaganda, agochan recortes de dereitos e non dan solución ás reivindicacións que dende hai anos vimos esixindo”.

É necesario favorecer a repartición do traballo reducindo a xornada a 35h.